

III.2. EIXE 2: DINAMIZACIÓN ECONÓMICA, CRECEMENTO E EMPREGO

Dentro do Eixe 2 agrúpanse as políticas que perseguen estimular o crecemento económico, fomentando os sectores estratéxicos e eliminando as barreiras que dificultan a mobilidade dentro do territorio así como a conexión co exterior.



Neste eixe teñen especial posición de privilexio ás políticas de promoción do emprego, que pretenden loitar contra unha des lacras sociais do momento económico no que nos atopamos, o desemprego.

O obxecto deste eixe supón unha implicación no apoio ás infraestruturas de transporte, aos sectores produtivos, á creación de riqueza, á mellora da competitividade, á preparación dos cidadáns para aumentar o espírito emprendedor, así como unha aposta por conseguir postos de traballo de calidade, tal como se desenvolve na Estratexia Europea polo Emprego.

A atención á internacionalización das empresas galegas e a atracción de investimentos exteriores son a pedra angular para gañar músculo industrial e empresarial.



As medidas que se pretenden continuar no ano 2012 dentro deste obxectivo estratéxico e para as que se teñen dotado recursos son principalmente tres: a mellora da rede de estradas de altas prestacións (VAPs), actuacións na rede de estradas convencionais, e a mellora da seguridade vial.

O contexto no que se enmarcan estas actuacións no que se refire a vías de altas prestacións, Galicia aínda está por debaixo da media nacional, o que constitúe un condicionante para a atracción de investimentos na comunidade, e dificulta as relacións económicas dentro do territorio.




Dos datos anteriores dedúcese que Galicia mantén un menor nº de Km de vías de altas prestacións respecto do total nacional, pero en estradas convencionais o nº de Km é superior. Polo que a estrutura viaria de Galicia está fundamentalmente formada por vías convencionais de máis de 5 m de ancho de calzada.


Polo que a densidade de infraestruturas viarias se refire, Galicia supera á media nacional, tanto no referente a lonxitude (Km) de estradas por 1.000 Km², coma no referente a Km de estradas por 100.000 habitantes.



Un elemento particular derivado da distribución de competencias entre as diferentes entidades públicas territoriais, determina que as competencias para a construción de novas estradas, así como para o seu mantemento están compartidas, de xeito que a titularidade das estradas en función da administración da que depende reflicte que son as deputacións as que maior nº de estradas teñen.




En canto aos indicadores de seguridade vial, o nº de accidentes en estradas convencionais diminúe progresivamente ao mesmo que diminúe o nº de falecidos por accidente.




Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade.


No tocante ás políticas de emprego, o momento actual no que se inscribe a intervención pública é tremendamente complicado, xa que nos últimos anos, a pesares do esforzo feito para lograr diminuír a taxa de paro, esta incrementouse, do mesmo xeito que o acontecido a nivel nacional. Galicia mantén taxas de paro por debaixo da media

nacional, así a evolución trimestral durante o ano 2010 e os 2 trimestres de 2011 reflicten un diferencial de entre 4 e 5 puntos.



Un problema engadido ven derivado da análise do paro por grupos de idade, no que se amosa a grave situación pola que está a pasar a xuventude galega, cunhas taxas de paro do 37,86%.






Algunhas das medidas que se van a adoptar no exercicio 2012, están orientadas principalmente a aumentar a empregabilidade dos traballadores mediante a formación tanto xeral como sectorial, así como o fomento do espírito emprendedor, a creación de empresas e o fomento do emprego por conta propia.

A distribución dos obxectivos estratéxicos neste eixe reflíctese na táboa e gráfica que se xunta:

E2: Dinamización económica, Crecemento e Emprego.	1.474.719.567	16,3 %	100,0 %
OE01 Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial	307.751.419	3,4 %	20,9 %
OE02 Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas	155.302.124	1,7 %	10,5 %
OE03 Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	672.372.284	7,4 %	45,6 %
OE04 Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego	339.293.740	3,8 %	23,0 %



As Fontes de financiamento do orzamento deste eixe estratéxico son:

E2: Dinamización económica, Crecemento e Emprego		1.474.719.567
Orzamentos Xerais da C.A.	806.316.315	54,68%
FCI	75.921.627	5,15%
FEDER	71.003.128	4,81%
Orzamentos Xerais das Corporacións Locais	239.483	0,02%
Orzamentos Xerais do Estado	307.379.010	20,84%
FEADER	74.360.579	5,04%
FSE	22.674.515	1,54%
FEAGA	51.900.000	3,52%
FEP	63.877.769	4,33%
INTERREG	675.698	0,05%
OUTROS FONDOS EUROPEOS	260.398	0,02%
OUTRAS INICIATIVAS	111.045	0,01%

III.2.1. OE 1. Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso aos mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade viaria

Este obxectivo persegue completar os enlaces e vías de transporte aérea, terrestre e marítima que conecten o territorio galego cos espazos económicos máis próximos, como a comixa cantábrica, o centro da península e o norte de Portugal, e, á súa vez, con Europa e cos mercados mundiais.

Levarase a cabo un exercicio de estruturación do espazo territorial rexional, que aumente a conectividade e accesibilidade interior, e que impulse un modelo integrado e único de entendemento do equilibrio territorial.